



Marzo 2004

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Prezo: 1'80 euros
Número de rexistro: 980635

T Á B O A

Galiza

A Xunta ameaza ao viño galego cunha mala regularización

A Consellería de Política Agroalimentaria sacou un decreto sobre o potencial vitícola no que senta as bases da regularización dos viñedos. A regularización comezou con mal pé, sen dar un prazo suficiente para poder facelo de xeito correcto, sen informar ao sector, e perdendo moitos dereitos históricos. **Páx. 5**

Muller

O SLG na Plataforma Galega en Defensa da Sanidade Pública

A Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego subscribiu a táboa reivindicativa da Plataforma Galega en Defensa da Sanidade Pública a prol dun programa público de calidade de atención sanitaria para as mulleres galegas. **Páx. 11**

Agroecoloxía

Información para dar o paso cara á produción ecolóxica

Neste Fouce omeza unha serie de textos para analizar as posibilidades de conversión á produción ecolóxica. Esta é unha tentativa para animar ás persoas que teñen posibilidades de facer unha produción ecolóxica rendíbel, e informar a aquelas que non a poden asumir. **Páx. 12**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147
Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es

O SLG organízase con dous congresos para plantar cara aos retos do vacún galego

■ O SLG celebrou o seu Congreso de Vacún de Carne en Lugo, e o de Vacún de Leite en Arzúa, para artellar unha estratexia de futuro para estes sectores capitais do noso agro.

■ Os relatorios de ambos eventos recollen un programa de accións positivas como contrapunto alternativo ás políticas erróneas desenvolvidas pola Administración **Páxs. 7 a 9**



Miles de voces clamaron en Lugo contra a represión sindical exercida sobre a CIG

O 29 de febreiro, 8.000 persoas encheron as rúas de Lugo para protestar contra a condena a tres compañeiros da Confederación Intersindical Galega (CIG) -catorce anos de prisión en conxunto e multas superiores aos 11.000 euros- por participar nun piquete informativo na folga xeral. O SLG solidari-

zouse en todo momento coa CIG diante deste claro exemplo de represión da liberdade sindical, apoiando a manifestación do domingo e a folga de fame rotativa mantida en días anteriores. E nesa liña de á CIG continuaremos en vindeiras mobilizacións. **Páx. 4**

Aproban as normas de trazabilidade para regular a compravenda de leite

O Consello de Ministros aprobou un Real Decreto sobre a identificación e o rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo. O obxecto desta norma consiste en identificar e rexistrar a tódolos axentes que produzan,

transporten, recollan, manteñan, transformen ou posúan leite cru de vaca. Esta información irá a unha base de datos coñecida como Letra Q. As novidades no sector complétanse coas novas normas de control no réxime da taxa láctea. **Páxs. 2 e 3**



O PP búrlase da UE legalizando nove variedades de millo transxénico

O Goberno Español vén de dar outra volta de torca na súa política agraria suicida ao aprobar a legalización de nove variedades de millo transxénico. Con esta decisión, xa son 16 as sementes de millo manipulado xeneticamente que se po-

den producir e comercializar no Estado Español. Namentres na Unión Europea segue a manterse unha prudente moratoria, España ráchaa dun xeito unilateral e escandaloso, poñendo en perigo a seguridade alimentaria. **Páx. 10**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D

MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns

CARBALLO

Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169

MAZARICOS - Bar Jurjo

SANTA COMBA

Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909

ORDES

Rúa Parque Municipal nº 32, 1º

Tlf. 981 682908

PONTE CARREIRA - Bar O Taxista

BETANZOS

Praza da Constitución nº 4, 1º.

Tlf: 981 773377

SARRIA

Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186

CURTIS

Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654

MOECHE - Casa Luciano

AS PONTES - Rúa Balsa nº 28

O BARCO - Local AISS

Tel. 988 321511 / Fax: 988326823

CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.

VERÍN

Travesía de Sousas nº 20, Galerías

Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439

RIBADAVIA

CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230

Fax. 988477230

XINZO

Casa Sindical Tlf. 988 462547

CASTROCALDELAS

Sala do Sotelo de Castro

MONTEDERAMO

Local da Cámara Agraria

LUGO

Miguel de Cervantes nº47, ent.

Tlf. 982 231154

MONFORTE

Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005

CHANTADA

Praza do Concello, baixos AISS

Tlf/Fax: 982 462103

ESCAIRÓN

Local da Cámara Agraria, 1º

RIBADEO

Av. de Galiza nº20, 3º. AISS

Tlf/Fax. 982 130615

LOURENZÁ

Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376

VILALBA

Cidade de Viveiro nº1 ent. A.

Tlf. 982 512431

A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º

Tlf/Fax 986 573232

AGOLADA - Bar Central

FORCAREI - Casa do Concello

MEIRA

Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño

Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714

LALÍN

Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191

SILLEDA - Bar González

TEIXEIRO

Rúa Martínez Pardo nº13, 1º esq

PONTEAREAS

Rúa Darío Bugallal nº15, 1º

Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL

Rúa Ramón Franco, Edif. Rosales.

Tlf. 986 625 394

O SALNÉS

Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,

Ribadumia. Tlf. 699 924 630

A voltas coa Letra Q

Apróbase o regulamento para controlar a tódolos axentes, establecementos e contedores do sector lácteo

O Consello de Ministros aprobou, o pasado 6 de febreiro, un Real Decreto sobre a identificación e o rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo. O obxecto desta norma consiste en

identificar e rexistrar a tódolos axentes que produzan, transporten, recollan, manteñan, transformen ou posúan leite cru de vaca, antes do 31 de maio de 2004. Esta información irá a unha base de datos coñecida como Letra Q.

A nova normativa tamén servirá para controlar tódolos movementos entre axentes e contedores rexistrados, incluídos os movementos de leite dende ou cara a outros países; o prazo para isto será ata o 1 de xaneiro de 2005.

Estes datos integraranse nunha base de datos coñecida como Letra Q, á que posteriormente se lle engadirá a información relativa á calidade do leite.

Tamén se creará un Rexistro Xeral de Axentes do Sector Lácteo, adscrito á Dirección Xeral do Ministerio de Agricultura, que posuira os datos aportados por tódalas comunidades autónomas.



As novas normas controlarán o ciclo do leite dende a produción e recollida ata os consumidores

Tódolos axentes da compra e venda de leite terán un código de identificación

Así as cousas, para a compra e venda de leite cumprirá seguir o seguinte proceso: o produtor terá que rexistrar a data de entrega, a cantidade de leite, o operador e código de cisterna que lle recolle o produto, e se toman mostrar indicarse xunto ao resultado.

En canto ao comprador -é dicir, quen recolle o leite- terá que rexistrar o mesmo que o vendedor, amais do nome do produtor e a explotación.

Aínda que os obxectivos desta nova normativa semellan correctos -establecer a trazabilidade dende a granxa á mesa-, o sistema encerra unha perigosa e complicada rede burocrática; isto fainos dubidar da súa fiabilidade.

Os gandeiros e gandeiras van ter máis traballo, pero esta vez de oficina, xa que cada entrega de leite irá acompañada dun recibo que terán que gardar de xeito ordenado durante tres anos. Ademais, haberá que ter un código de barras no



Produtores e produtoras verán incrementado o seu traballo burocrático e estarán identificados a través dun código

tanque de frío, outro da explotación e outro dos titulares da explotación.

Diante disto, dá a impresión de que por parte da Administración se están a establecer trabas que pouco a pouco van minando o ánimo de gandeiros e gandeiras, e

que os obriga a renunciar ao seu oficio; cando se debería legislar para simplificar e facilitar as cousas.

O único xeito de garantir a trazabilidade é a transparencia. Pola contra, a burocracia representa todo o contrario.

O prazo para rexistrarse os axentes remata o 31 de maio de 2004

Os prazos que marcou a Administración para adaptarse a esta nova normativa de control son os seguintes:

■ Rexistro de axentes e contedores do sector lácteo, nos órganos competentes da Xunta, no caso de Galiza: ata o 31 de maio de 2004

■ Establecemento do rexistro de entregas nas explotacións: ata o 1 de abril de 2004.

Agardar ata que a Xunta dea aviso

A Consellería de Política Agroalimentaria vaise pór en contacto coas persoas titulares das explotacións lácteas galegas para ir a facerlles as identificacións e rexistros. Ata que iso aconteza, non teñen que facer nada.

O novo decreto da taxa láctea ameaza ao 20% da produción galega de leite

O Consello de Ministros aprobou, o pasado 20 de febreiro, un Real Decreto para a xestión e control do réxime da taxa láctea. Esta nova normativa nace para controlar o leite que se pro-


duce fóra de cota, e vai prexudicar máis xusto a aquelas explotacións que máis necesitan aumentar os seus dereitos. En Galiza, vai supor un corte drástico do 20% da produción. Nin

que dicir ten, que esta nova medida obrigará a moitas explotacións a pechar as súas portas. O paso máis do PP na súa cruzada por desmantelar o medio rural galego.

Unha das principais novidades será que haberá que facer declaracións mensuais de movementos para explotacións con máis de 600.000 quilos de cota ou un número equivalente de vacas.

Este Real Decreto tamén imporá un endurecemento do réxime para os compradores intermediarios, con fianzas; e establecerá un imposto estatal, que consistirá nunha taxa que o Goberno creou para cobrar a tódalas explotacións ou industrias que non poidan demostrar a procedencia do leite que produzan fóra de cota, con independencia de que o Estado pague o non multa por sobreproducción. Os cartos recadados a través deste imposto destinaranse á estruturación do propio sector.

Outra das novidades aportadas polo Real Decreto é a desaparición da primeira compensación, establecéndose un período transitorio. A única compensación establecerá o



Moitas granxas galegas verán coutada a súa produción coas restricións impostas polo Goberno

Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) a nivel de Estado. As explotacións que superen o seu teito productivo serán compensadas pola cota non utilizada doutros produtores e pola reserva estatal.

Estas medidas entrarán en

vigor a partir da vindeira campaña, é dicir, dende o 1 de abril de 2004.

A nova normativa tamén obrigará a realizar declaracións mensuais, a partir de explotacións de dimensións determinadas, que se suman ás xa previstas na

normativa comunitaria, de carácter anual; e establece que produtores e produtoras, amais dos primeiros compradores, leven unha xestión contábel, conservando a documentación comercial de cada campaña durante, polo menos, tres anos.

A normativa provocará peches de explotacións en toda Galiza

Para o Sindicato Labrego Galego, o decreto de xestión de taxa láctea vai destinado, especialmente, aos primeiros compradores e ao control e eliminación do leite vendido fóra de cota.

Executarase mediante un sistema de control da facturación e de cruzamento desta coa contabilidade dos primeiros compradores, de tal xeito que o obxectivo final é o de eliminar o leite vendido fóra de cota.

No caso de Galiza, e segundo datos oficiais, estas novas medidas de control significarán a eliminación do 20 % da produción, e con el uns cantos centos de explotacións. Establece tamén un novo imposto estatal para todos aqueles axentes que non poidan demostrar a procedencia do leite.

En resume, producirase menos leite en menos explotacións. O Partido Popular, en troques de artellar estratexias que posibiliten un futuro mellor para o leite galego, dedícase a lexislar para traer máis burocracia e represión.

Estas novas normativas, lonxe de buscar solucións que beneficien a todo o sector, que as hai, opta pola vía do control e da sanción cun obxectivo claro: a destrución de máis explotacións e postos de traballo no medio rural que agudizará, inevitabelmente, a crise demográfica por desertización e envellecemento que sofre o noso campo.

Diz Guedes cae da burra

O Conselleiro de Política Agroalimentaria, Juan Miguel Diz Guedes, admitiu por fin que o aumento do prezo de compra da cota láctea é "excesivo" e pode resultar "traumático" para o sector.

Estas declaracións de Diz Guedes producíronse na súa intervención diante do Parlamento de Galiza. O Conselleiro tamén admitiu en que o sector lácteo é "delicado".

Polo demais, Galiza volveu a amosar a súa necesidade de ter máis cota, ao ser a comunidade dende a que se cursaron máis solicitudes no reparto de 64.000 toneladas de cota procedente da Reserva Estatal. Efectivamente, houbo 16.000 solicitudes provenientes de Galiza.



Diz Guedes, á dereita, recoñeceu que o alto prezo da cota láctea é "traumático"

Segundo un comunicado da Consellería de Política Agroalimentaria, a Galiza correspondeulle neste reparto o 62%, o que suporá que a cota láctea galega aumente en 42.700 toneladas. Segundo a propia Consellería, estas novas asignacións beneficiarán "a preto de 3.200 gandeiros".

Se comparamos isto coas cifras do sector, comprobaremos que isto non resolve, para nada, a débeda histórica

que o Estado Español ten con Galiza. Seguimos tendo máis da metade de explotacións lácteas do Estado, e tan só o 30% dos dereitos de produción. Polo demais, o novo reparto de cota só beneficiou a 3.200 gandeiros e gandeiras, unha cifra moi pequena se temos en conta que hai máis de 25.000 en Galiza; evidentemente, cos prezos prohibitivos da cota foron poucas as persoas que puideron mercala.

editorial

A gripe dos polos, a seguridade alimentaria e as políticas agrarias

A gripe do polo supón un elo máis nunha cadea na que tamén están o clembuterol, os antibióticos, as dioxinas, os nitrofuranos, as fariñas cárnicas, etcétera. Esta cadea pon de manifesto o fracaso das políticas agrarias e alimentarias que os gobernos neoliberais están potenciando, e que tan dramaticamente están afectando aos diversos sectores produtores; pola contra, gracias a esta política engordan as contas bancarias da industria agraria, química e farmacéutica, e as das grandes empresas de distribución.

O pasado 9 de febreiro, Agra publicou uns datos arrepiantes en relación coa gripe aviar: doce persoas mortas e catorce millóns de polos sacrificados en Vietnam, cinco vítimas humanas e 26 millóns de aves mortas en Tailandia, 23 focos de epidemia e 1.210.000 animais incinerados en China. A cifra de sacrificios só en Indonesia xa ascende a dez millóns, e Corea do Sur e Paquistán superan, en conxunto, os cinco millóns. A perda de vidas humanas xa é irreparable. Tras delas han vir as perdas económicas, que baterán de cheo contra as persoas que teñen granxas de cebo. A quen non afectará será ás grandes integradoras, que xa teñen cobrado o poliño, o penso e os medicamentos que se empregan na produción avícola. Nunca falla: as consecuencias sempre as pagan as mesmas persoas, que son quen produce e quen consume.

Este novo drama debería servir para promover un gran debate social sobre as condicións nas que se leva a cabo o cebo industrial. A ausencia duns mínimos no benestar animal leva, necesariamente, a

situacións de enfermidade: animais pequenos que se amorean en gaiolas no interior de naves mal chamadas granxas, alimentación forzada, medicamentos en grandes doses, etcétera. Un cúmulo de despropósitos que debilitan de tal xeito aos animais que chegado o momento en que aparece a enfermidade, é imposible parala.

Estas situacións agrávanse na medida en que as políticas agrarias se orientan, case exclusivamente, á exportación. Isto leva canda si que as epidemias e os riscos para as persoas se expandan como un regueiro de pólvora polos países limítrofes e mesmo a escala mundial. Polo que coñecemos a través dos medios de comunicación, a gripe aviar apareceu en Asia. Sen embargo, nestes momentos ven de confirmarse tamén nalgúnhas granxas dos Estados Unidos, e non debemos esquecer que unha crise semellante asolou a produción avícola dos Países Baixos hai menos dun ano.

Outro elemento que hai que ter en conta á hora de abordar o modo de produción e a seguridade alimentaria é a cuestión da chamada "competitividade". Os gobernos, coa finalidade de responder aos intereses dun negocio exportador que precisa materia prima barata para introducirse nos mercados de alimentos de todo o mundo, deciden ou consenten a continua baixada dos prezos que se paga aos produtores e produc-

toras, permiten a utilización de compoñentes nos pensos que poden ser perigosos e, pola mesma razón, no caso do cebo de animais deixan de lado a cuestión do benestar animal. Se o animal non se cría nunhas condicións mínimas, enferma; se enferma, trátase; despois, os tratamentos deixan residuos, e de tanto tensar, a corda remata por quebrar e aparecen situacións como a gripe do polo, as vacas tolas, etcétera. E a saber o que pode vir aínda se non somos quen de parar esta espiral de despropósitos.

Outro elemento que con frecuencia aparece no debate sobre estas cuestións é a necesidade de producir comida barata para que as familias poidan chegar a fin de mes comendo. É evidente que a alimentación é un dereito humano básico, pero a alimentación non pode ser só cantidade. Toda persoa, viva onde viva, ten que ter asegurado o dereito a unha alimentación suficiente, san, nutritiva, segura e a prezos razoábeis. Este dereito é vulnerado sistematicamente polas políticas agrarias, alimentarias e laborais que se están aplicando pola inmensa maioría dos gobernos de corte neoliberal do planeta. O mundo está dividido entre unha inmensa maioría que padece desnutrición e morre de fame, e unha minoría que temos acceso a unha grande cantidade de comida cargada de residuos que provocan serias en-

fermidades que mingúan moi seriamente a calidade de vida de moitas persoas, afectando dende a infancia e que, nunha elevada porcentaxe, acaban na morte. Ademais, esta política alimentaria está ocasionando grandes custes sanitarios e laborais que pagamos todos.

Estamos, pois, diante dunha política que provoca un cruel paradoxo: por unha banda, as empresas compiten impoñendo a contención salarial e a produción de alimentos baratos, ou o que é o mesmo, as grandes transnacionais engrosan cada vez máis as súas arcas a costa de manter salarios baixos, millóns de parados e paradas en todo o mundo, e producindo alimentos lixo ao custe máis baixo posíbel para maximizar os seus beneficios. Por outra banda, o que aforra a xente en comida con estes alimentos tan baratos que lles proporciona a industria, tócalles pagalo con creces para reparar os enormes danos medioambientais e sanitarios provocados por este tipo de prácticas.

Cuestións coma estas deberían incitar á cidadanía a establecer as necesarias alianzas para provocar un cambio en profundidade nas políticas neoliberais, un cambio que nos permita vivir dignamente do noso traballo e satisfacer o dereito a termos unha alimentación en cantidade suficiente, san, segura e de calidade.

Catorce anos de prisión e once mil euros de indemnización a tres membros dun piquete informativo, por feitos acontecidos na folga do 20 de xuño de 2002 en Lugo, son condenas moi duras, desproporcionadas, inaceptábeis. Non se pode asimilar con delinquentes ás persoas que participan en accións de ámbito laboral ou social, aínda sendo graves, e moito menos cando é por turrar pola manga a un policía, guindar varias bolsas de lixo nas portas dun pub e insultos cruzados co dono.

En toda folga xeral, na que participan miles de persoas, os ánimos están quentes, xa que as presións dentro das empresas pra evitar os paros son fortes, ás veces encubertas, porén en moitos casos

Sentenza polémica **por Manuel Mera**

diretas, como ameazando con renovar os contratos. Neste escenario é normal que existan algúns excesos, tensións, sempre os houbo, mesmo máis graves que os de Lugo. Estas penas, aínda que o fiscal asegure o contrario, na práctica poñen en entredito aos piquetes informativos e, polo tanto, limitan o dereito de folga, xa que moitos traballadores/as no futuro vencellarán piquete coa cárcere ¿supoño que non será isto o que se pretende coas sentenzas de Lugo?

Sobre o piquete e o dereito de folga di nun recente arti-

go un avogado laboralista "O Tribunal Constitucional ten reiterado que o dereito a traballar durante unha folga non ten a consideración de dereito fundamental. É un dereito de inferior rango ao propio dereito a folga, que si ten esta consideración de dereito fundamental. Xa- mais se perseguiu penalmente a un empresario que coaccionase ao seu persoal pra non participar nunha convocatoria de folga, o que resulta ben frecuente, mediante a coacción que supón a mesma precariedade nas relacións laborais ("abuso de

situación de necesidade", di o Código), e que se contrarrestan ou equilibran minimamente mediante a actuación dos piquetes informativos, na medida en que amparan aos traballadores no exercizo deste dereito".

A propia condena e o desproporcionado da pena fica evidente na ampla solidariedade cos tres afiliados da CIG, e que mesmo haxa patróns que manifestaran publicamente a súa oposición a este tipo de sentenzas. Saben estes empresarios que os conflitos laborais e sociais non se solucionan coa

prisión, as multas ou evitando a divulgación das reivindicacións e loitas dos afectados. A historia amosa como estes procedementos serven de moi pouco a medio prazo, alén de aumentar os enfrontamentos.

A regresión do Código Penal, co endurecemento de penas e a aplicación en casos de conflito social, así como a desregulación laboral, a rebaixa de dereitos sindicais e a privatización de servizos públicos esenciais, son feitos que coinciden no tempo e que todo indica están asociados. Non penso que esmagar ao mensaxeiro evite a oposición social a medidas que centralizan e concentran a riqueza, que impiden unha racional e xusta redistribución do traballo e dos bens producidos.

A incompetencia da Xunta de Galiza regularizando viñedos ameaza o sector

Desinformación e intereses especulativos marcan un proceso que fai perigar o futuro de varias zonas vitícolas

A Consellería de Política Agroalimentaria sacou un decreto sobre o potencial vitícola no que senta as bases da regularización dos viñedos. Cando fala de regularizar, está falando de le-

galizar viñedos considerados alegais, ou mesmo ilegais, polo ordenamento europeo. Este proceso de regularización comezou con mal pé, sen dar un prazo suficiente para poder facelo de


xeito correcto, e sen informar amplamente ao sector. Os desaguizados da Xunta complétanse cunha auténtica sangría na perda de dereitos históricos por mor da súa incompetencia.

A regularización do viño que está agora en proceso responde a demandas nosas que se veñen reivindicando dende hai moitos anos, xa que o rexistro vitícola, feito entre 1994 e 1997 polo Ministerio de Agricultura e a Xunta, non foi nunca publicado; tampouco temos constancia de que fose remitido á Comisión Europea, como era obrigatorio.

Respecto ao actual proceso de rexistro de viñedos en marcha, cómpre criticar que careceu dunha información notoria e pública sobre a súa importancia e consecuencias.

Moitas zonas do país, sobre todo as que non están incluídas nas denominacións de orixe, non puideron completar as numerosas eivas deste rexistro cun período de alegacións, tal e como se fai nas parcelarias ou no catastro de rústica.

Ademais, a empresa que o fixo era de fóra e non podía comprender a dificultade intrínseca do viñado do país e, coma sempre, tiña que acabar rápido xa que se remataban os cartos.



Galiza ten viñedos en toda a zona coloreada deste mapa; isto supón que o 80% dos viñedos existentes na nosa terra estarían fóra das denominacións de orixe vinícolas galegas

O SLG vai pedir unha ampliación do prazo e quitar as multas aos viñedos alegais

Para o SLG, debe ampliarse o proceso de regularización, sobre todo se temos en conta que no proceso vai incluída unha grande bolsa de viticultores que descoñecen ter viñedos irregulares.

No SLG sabemos que a Xunta pode negociar co Ministerio de Agricultura esta ampliación do prazo sen problemas.

Por outra banda, o SLG está contra os continxentes das producións, mais debemos preservar como mínimo o dereito histórico do viñado. Non debería existir a sanción de 300 euros por parcela para penalizar viñedos alegais; como moito, as multas deberían ser para viñedos ilegais.

Dende logo, no Sindicato Labrego imos opoñernos rotundamente a este tipo de multas para viñedos alegais, e imos esixir da Xunta unha ampliación do prazo.

Tal como se están levando as cousas, estanse beneficiando os investimentos especulativos nas Rías Baixas en detrimento da produción labrega. Os consellos reguladores están en quebra económica e non teñen capacidade operativa para realizar o seu labor que, por certo, vai verse minguido coa nova Lei do Viño.

O Ribeiro e Valdeorras teñen estatutos preconstitucionais que non puideron ser cambiados en contra do dinamismo do sector, sobre todos en zonas castigadas polo matute. De feito, en Valdeorras e O Ribeiro a Consellería impediu tódalas tentativas de cambiar os estatutos, a diferenza do que fixo en Rías Baixas.

Só en Valdeorras xa se perderon máis de 1.500 hectáreas dos mellores viñedos

A Consellería de Política Agroalimentaria sempre se negou a considerar o recoñecemento de zonas de aptitude vitícola históricas. Existen viñedos seculares que se abandonaron antes, ou xusto despois, da entrada na Unión Europea.

Estes viñedos poderían ser recoñecidos de oficio coa axuda de información cartográfica e fotogrametría aérea, de maneira que puidesen ser preservados en forma de banco de dereitos que non puidesen ser trasladados a outras zonas do Estado. Isto foi o fixo a Comunidade Foral de Navarra.

A ineptitude da Xunta neste tema provocou que, en zonas como Valdeorras, se perdesen máis de 1.500 hectáreas de viñedos, na maioría dos casos situados nas mellores zonas.

Curiosamente, as Rías Baixas beneficiáronse claramente coa cualificación de viñedos híbridos en viñedos autorizados, mesmo considerando lindes de parcelas con parras enteiras. Non esta mal, pero deberían telo feito en toda Galiza.

Dende o SLG temos que criticar que a nova Lei do Viño de Galiza non contemple a negociación co sector para que os dereitos históricos non poidan

ser movidos das zonas vitícolas á que pertencen; por exemplo, que unha aldea perdida de Beade perda os seus viñedos milenarios en favor das Rías Baixas, por exemplo.

Agora mesmo, os numerosos expedientes estanse acumulando "sine die" nas mesas das delegacións. A moitos deles nin sequera se lles contesta, como é o caso dos gandeiros de Montederramo, que teñen todos capital vitícola na Ribeira Sacra de A Teixeira. De feito, na Ribeira Sacra hai un profundo descontento co tema como temos comprobado, sobre todo na zona de Chantada.

Diz Guedes maquilla a crise da carne de vacún con datos parciais

Os produtores só perciben entre tres e catro euros por quilo, igualando prezos de finais dos anos setenta

Coa chegada das eleccións de marzo, a Xunta iniciou unha carreira desaforada de promesas e inauguracións. Entre os cantos de serea lanzados por Diz Guedes, destacou un que reflectiron boa parte dos xornais de Galiza:

que a crise das vacas tolas estaba rematada gracias á recuperación dos prezos da carne amparada baixo o selo de Ternera Gallega. Evidentemente, o SLG tivo que desmentir publicamente semellante mentira.

O Sindicato Labrego Galego respondeu ás declaracións triunfalistas do Conselleiro de Política Agroalimentaria, Juan Miguel Diz Guedes, que tentou botar unha capa de maquillaxe ao sector da carne de vacún afirmando que a crise das vacas tolas xa estaba superada, o cal é rotundamente falso.

O SLG non puxo en dúbida os datos aportados polo Conselleiro, que afirmou que a carne de Ternera Gallega estase a pagar un 5% ou un 6% máis que no ano 2000. Nembargantes, este é un dato parcial que pouco ten que ver coa realidade global do sector.

Diz Guedes, cando falou de prezos, referiuse ao valor que pagan os consumidores nos centros comerciais pola carne de Ternera Gallega, que ampara ao 32% da produción total de



Aproveitando o entroido, o Conselleiro tentou poñerlle disfraz á realidade do sector cárnico

carne de vacún. Este dato reflicte que os consumidores buscan seguridade na

certificación diante dos riscos que perciben trala crise das vacas tolas. Pero,

¿que ocorre cos prezos que se lles paga aos produtores e criadores de gando?.

Menos de cinco euros por quilo de carne e xatos de frisona a 15.000 pesetas

A dura realidade do sector é que a carne de vacún estase a pagar aos produtores entre 3'6 e 4'2 euros o quilo (a 600 e 700 pesetas das de antes). Estas cotizacións son as que xa existían, en Galiza, a finais dos anos setenta, polo que, nestas circunstancias, a recuperación da que fala Diz Guedes semella ciencia ficción.

Por se fose pouco, a crise das vacas tolas deixou outras secuelas que aínda padecen as explotacións galegas. Por exemplo, as vacas de desvelle xa non se venden porque ninguén as merca; antes da crise, podían dar algúns cartos que contribuían de xeito marxinal á renda das ex-

plotacións; agora, ante a falta de compradores, os gandeiros teñen que pagar ao veterinario para que veña a sacrificalas e para que retiren os cadáveres.

Outro exemplo témolo nos xatos de raza frisona que nacen nas explotacións leiteiras, que se están a vender a prezos ridículos que roldan os 90 euros (15.000 pesetas).

Dende o Sindicato Labrego Galego alegrámonos diante de calquera signo de recuperación que experimente o sector da carne de vacún, pero temos que criticar sen paliativos que o Conselleiro de Política Agroalimentaria, Juan Miguel Diz Guedes, tente maquillar os problemas que padece a



A carne de vacún estase a pagar a prezos de finais dos setenta

carne de vacún dende a crise das vacas tolas cuns datos parciais que non reflicten a realidade do sector; a Xunta non pode seguir

agachando a cabeza diante da situación crítica pola que están a atravesar moitas explotacións de vacún de carne na Galiza.

As comunidades de montes de Castrove e Salnés crearán un couto de cogomelos

Na asemblea celebrada o pasado 22 de febreiro, no centro social de Curro (Pontevedra) as persoas que integran as mancomunidades de montes de Castrove e Salnés decidiron comezar os trámites para crear un couto de cogomelos.

Para esta fin, formouse unha comisión integrada por representantes das comunidades de montes de Combarro, Campañó, San Vicente de Nogueira e Noalla. Esta comisión terá que elaborar, en colaboración coas Asociacións para Desenvolvemento Rural PRODER II das comarcas de Pontevedra e Salnés, as bases para a contratación dunha empresa que elabore un estudo de viabilidade.

A Deputación planta ás comunidades de montes pontevedresas

Nesta asemblea tamén se falou das posibilidades de facer un proxecto integral sobre os múltiples usos do monte que atinxira a tódalas comunidades desta zona pontevedresa. Neste senso, fixéronse xestións na Deputación diante do deputado Xosé Manuel Figueroa, que interveu como representante da Presidencia.

A pesar de seren ben recibidas, as comunidades de montes amosaron despois a súa indignación por no obter unha resposta posterior da Deputación, a pesar dos numerosos intentos feitos por teléfono e correo.

Mesmo se deu o caso de que o deputado do Partido Popular que os recibiu, Xosé Manuel Figueroa, utilizou a información e documentos que lle aportaron as comunidades de montes que recibiu, nos acordos entre o Concello de Vigo -onde ocupa unha praza de concall-e a Mancomunidade de Montes da Cidade Olívica.

Por mor da falta de interese demostrada pola Deputación de Pontevedra, as comunidades de montes desta provincia deron por fracasada, de momento, a súa tentativa de levar adiante un proxecto integral que as agrupase.



O SLG organízase para plantarlle cara aos retos do vacún galego

En febreiro celebráronse os congresos sobre vacún de carne e leite para elixir ás direccións de cada sector

Seguindo o dictame emanado do sexto Congreso, o Sindicato Labrego Galego puxo en marcha a súa maquinaria organizativa creando os primeiros cadros organizativos por sectores desta

nova xeira. Se en decembro facíase no sector ecolóxico, agora, en febreiro, elixíronse as directivas para os sectores de vacún de carne e de leite. Un cento de labregos e labregas con ganas de

traballar para mudar a cara do vacún galego, que a pesar das crises e dos problemas derivados de políticas erróneas, segue a ser un sector cun enorme potencial e futuro.

No Congreso de Vacún de Carne, a afiliación do Sindicato Labrego Galego elixiu, por unanimidade, como representante do sector a Xosé Álvarez Lombardero.

Xunto a el, integrarán a Dirección da Carne do SLG Xoán Carlos Álvarez Mon, Marcos Díaz Fernández, Manuel Núñez Monjardin, Manuel Fernández González, David López Pérez, Antonio Sanmartín Díaz, Carlos Rodríguez Yañez, Vicente González Rivas, Miguel Anxo Otero Díaz, María do Carme Gómez Gontán, Antonio Ramos Sánchez, Xosé

Manuel Castro Calvo, Xosé Lois Rodríguez Maceda, Xosé Beltrán Rodríguez, Xoán Xosé Yañez López, Antonio Sanmartín Díaz, Cruz Valle Gómez, Rosario Prieto Prieto, Javier Mojón Fernández, Xosé Mario Prieto Vázquez, Samuel Formoso Salgado, Perfecto González Alvirez, e Francisco Tesouro Diz.

En canto á Dirección do Leite emanada do Congreso celebrado en Arzúa, polo de agora non terá representante, pois aprazouse a súa elección ata que este novo órgano do Sindicato Labrego celebre o seu primeiro encontro.

En canto ás persoas que integrarán esta directiva, son Amable Andiñ Ribas, Xosé Manuel Antelo Rial, Xosé Luís Ares Ares, Afonso Bermúdez Lodeiro, Francisco Blanco Rodríguez, Eladio Botana, Xosé Cabo Villar, Xosé Antonio Cancelo Purriños, Francisco Cartemil Cal, María Pilar Cervantes Huerta, Narciso Cid Pérez, Dolores Costoia Blanco, Diego Fandiño Blanco, Xosé Vicente Fernández González, Faustino Gándara Martínez, Esther García López, Ana María García Vázquez, Marcos Gómez, Xosé Gómez Fernández,

Xoán Antonio Liñares Pose, Xosé María López Díaz, Xosé Mosquera Seoane, Arximiro Mouzo Bermúdez, Xosé Neira Cabanas, Manuel Paz González, Xesús Gabriel Pereira Mato, Andrés Pérez Pereiro, María do Carme Porca Vidal, Xosé Manuel Rial Castelo, Xosé Rigueiro Yañez, Alberte Rivera García, Avelina Romero García, Pedro Sánchez Geadá, Miguel Sánchez Sánchez, Ricardo Sanjurjo Candal, Dolores Suárez Gandoy, Raúl Suárez Mouzo, Lucía Suárez Rendo e Alberte Vázquez Jove.

A dirección da carne do SLG impulsará medidas para sacar da crise ao sector

O novo órgano ten na axenda de traballo un programa realista para superar as secuelas das vacas tolas

O 14 de febreiro celebrouse o primeiro Congreso de Vacún de Carne organizado polo Sindicato Labrego. O responsable de Acción Sindical Gandeira, Xabier Gómez Santiso inaugurou o evento tocando temas clave como a crise das vacas tolas, as políticas agrarias da Unión Europea, os prezos, as zonas agrarias desfavorecidas ou o selo Ternera Gallega. Santiso animou a unha loita para "conseguir un nivel e calidade de vida para as nosas casas, e unha dignidade espiritual que nos garanta sermos quen de facerlle fronte ao futuro dun xeito positivo".

O encargado de encetar a lectura do relatorio congresual foi Elías Somoza, que comezou a súa intervención bosquexando cunhas pinceladas a realidade do sector de vacún de carne en Galiza: máis de 750.000 vacas aleitantes, 20.000 familias que viven del, o 20% do censo estatal de vacas nutrices, e o 13% da produción expresada en toneladas de carne.

Somoza contrapuxo a produción artesá e tradicional, que é a que dá prestixio ao sector e pola que aposta o SLG; fronte á dos cebadeiros industriais.

Na análise do sector, Somoza non esqueceu algúns dos principais problemas que se están a padecer, como o avellentamento da poboación nas comarcas produtoras ou a desertización do medio rural.

Outro grande problema, xa case endémico, é a



O Congreso de Vacún de Carne reuniu en Lugo a un cento de gandeiros e gandeiras de toda Galiza

política de prezos á baixa que se veu mantendo nos últimos anos, o que levou a que hoxe en día se lles estea a pagar aos produtores e produtoras o mesmo por un quilo de carne de tenreira

que hai vinte anos.

Esta baixada de prezos constante veu marcada pola Política Agraria Común (PAC) que se impuxo dende a nosa entrada na Unión Europea. O sistema de axu-

das posto en marcha para compensar a caída da renda labrega mostrouse insuficiente e, por se fose pouco, favoreceu os intereses de terratenentes que cobraban cometendo fraude.

Máis burocracia e menos prestixio e renda por culpa das vacas tolas

A crise das vacas tolas caeu como unha lousa no sector, xerando a perda de confianza da cidadanía e un grande desprestixio.

Foron as familias quen pagaron os erros da Administración e a súa falta de prevención permitindo as fariñas cárnicas nos pensos -causantes da enfermidade- cando levaban dous anos prohibidas.

A crise supuxo que moitos xatos ficasen nas explotacións sen vender, minguando os ingresos. Para rizar o rizo, a Administración deu boas subvencións aos fabricantes de fariñas cárnicas, e condicionou o cobro de axudas das familias afectadas cunha nova traba burocrática: o certificado antemortem.

Propostas en positivo do Sindicato Labrego Galego para poñer a andar o sector

Son varias as propostas do SLG para o vacún de carne:

- A renda agraria debe vir, principalmente, a través dos prezos, e non das subvencións.
- Fixación dun prezo mínimo que proporcione un salario digno para que labregos e labregas poidan vivir do seu traballo.
- Creación dunha mesa de prezos que garanta valores estábeis ao longo do ano.
- Contratos homologados garantidos pola Administración que aseguren eses prezos.
- Controis nos matadoiros para garantir a transparencia nos pesos e clasificación de canais.
- Controis sanitarios para garantir a salubridade da carne.
- No tema da Encefalopatía Esponxiforme Bovina: indemnizacións para compensar o sacrificio de reses; prohibición do uso de fariñas cárnicas, transxénicos ou antibióticos nos pensos; supresión dos certificados antemortem; tratamento público e gratuito dos Materiais Específicos de Risco; e recollida gratuita de cadáveres.
- Outras demandas do SLG neste sector foron un sistema de crotalaxe público e gratuito, primas suficientes para compensar a caída de prezos, oposición ao desacoplamento das axudas, e dotar de dereitos de prima por vaca nutriz a tódolos animais que non a perciben actualmente.

Unha aposta por Ternera Suprema e a alimentación natural do gando

Xosé Álvarez Lombardero, membro da Executiva do SLG e vocal do Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega, foi o encargado de falar da posición do sindicato neste organismo.

Neste eido, o SLG vai apostar pola defensa da Ternera Suprema, pedindo que o 75% dos fondos que xestiona o consello regulador se destinen a esta categoría, que se aplique rigorosamente o regulamento, e que se fagan inspeccións nas explotacións e nos cebadeiros inscritos para garantir que se cumpre o devandito regulamento.

Lombardero tamén expuxo as propostas do Sindicato Labrego con respecto á alimentación dos animais, que debería ser en base a cereais, amais de estar prohibida a utilización de transxénicos, antibióticos ou promotores do crecemento.



En canto aos sistemas de control, o SLG defendeu o establecemento de controladores tanto en animais como na alimentación; identificacións da carne onde conste a comarca, explotación ou cebadeiro de procedencia; controis máis rigorosos

nos puntos de venda; e información periódica da empresa de control externo perante o Consello Regulador.

O relatorio do congreso defendido por Lombardero remataba aportando propostas para solucionar o problema dos prezos: funcionamento regular da mesa de prezos da IXP Ternera Gallega, obrigado cumprimento dos acordos adoptados nesta mesa, e a creación de contratos homologados que garantan uns prezos mínimos diferenciados para as categorías normal e suprema.

Cómpre equilibrar a dimensión das explotacións lácteas á realidade do País

O aumento de cota e dos niveis de produción das explotacións non solucionan o problema da renda

No Congreso do Leite celebrado en Arzúa, o 21 de febreiro, foi o responsable da Secretaría de Acción Sindical Gandeira do SLG, Xabier Gómez Santiso, quen se encargou de expor os

temas do relatorio. Santiso falou de problemas como os prezos e a renda, o acceso ás terras, ou a legalidade das explotacións; e tratou temas como a dignificación da profesión labrega. Tal

e como acontecera coa carne de había unha semana, puxéronse numerosas reivindicacións para sacar da fochanca a un dos sectores agrarios máis castigados dos últimos tempos.

Santiso criticou que para facer rendíbeis as explotacións lácteas se aceptase "o continuo redimensionamento das explotacións -con ampliación de cota, máis vacas para cubrila, e máis infraestructuras e maquinaria para asumir o aumento de traballo". Para o cadro do SLG, esta vía "supón un investimento importante e temos que financeiro, vén-donos obrigados de novo a investir máis para sacarlle máis rendibilidade económica. Por esa vía quedarán só catro"

Respecto a este xeito de facer as cousas, Xabier Gómez Santiso dixo que se trataba "dun manexo da economía que non ten moito que ver coas nosas explotacións tradicionais, e un manexo da produción que non ten moito que ver cos nosos coñecementos e práctica habitual".

"Para chegar a estes xeitos de produción tan intensivos e de corte industrial, hai que reflexionar que non



A Casa de Cultura de Arzúa serviu de lugar de encontro para as xentes do sector lácteo galego

estamos no país axeitado; daquela deberíamos pensar en cambiar de lugar e irnos

preto de zonas especializadas na produción de cereal para que nos saia máis

barato, pois producindo así a base territorial e a herba non nos fan falta".

A licencia de actividade das explotacións é unha demanda do SLG

"Tralo proceso de regularización urbanística das cortes e demais instalacións agrarias, de cara ao futuro temos outro problema importante, que é que o 99% das explotacións agrarias de Galiza carecen de licencia de actividade".

"O Sindicato Labrego Galego avoga para que se comecen a xerar mecanismos, dende as administracións locais e dende a autonómica, para que crear algún procedemento que permita ás explotacións agrarias facerse con este tipo de licencia. Cómpre ter en conta que, por mor disto, moitas están perdendo o acceso a importantes liñas de axuda públicas".

Políticas de prezos á baixa e caída da rendibilidade

"A rendibilidade decrece cada ano que pasa. Dende que se aplicaron as diversas PACs, un dos puntos comúns foi a tendencia dos prezos á baixa, unha tendencia que, para a nosa desgracia, se foi consolidando. Por outra banda, os insumos e necesidades das explotacións foron subindo progresivamente. Isto xera que a marxe de beneficio que se lle quita a un litro de leite é inferior cada ano que pasa".

"Nós pensamos que isto non se pode paliar pola vía de incrementar cada vez máis a produción para manter o nivel de renda; isto é unha lei do absurdo que nos leva a unha calella sen saída e sen futuro. Polo tanto, o debate débese centrar no establecemento dunha política de prezos".

Pola consolidación das explotacións e o nivel de produción existentes

Xabier Gómez denunciou que "nos últimos anos vivimos un proceso de destrución de explotacións e postos de traballo no sector agrario impresionante. Se isto segue por este camiño chegaremos a unha situación na que o medio rural quede practicamente despoboado"

Contra esta situación, o Sindicato Labrego propuxo como receita:

- Manter o total das explotacións leiteiras existentes na actualidade.
- Consolidar con cotas a produc-

ción real de tódalas explotacións

- Conseguir normalizar o relevo xeracional con incorporación de mozos e mozas

- Establecer mecanismos que permitan ás explotacións de leite dotarse de base territorial necesaria para realizar a súa actividade.

- Dotar ás explotacións de legalidade a tódolos niveis para exercer a súa actividade.

- Conseguir mecanismos de negociación e control de prezos".

A dignificación necesaria da profesión labrega

"Temos un problema consistente en que temos metido nas nosas cabezas o desprestixio social da profesión ao pensar que traballamos nesto porque non valemos para outra cousa. Iso é totalmente falso. Hoxe, para traballar en calquera tipo de produción gandeira, necesítase un nivel de especialización moito máis grande que no meirande dos oficios ou profesións. Polo tanto, somos uns cidadáns coma outros calquera e cun oficio igual de respetábel que os demais, e mesmo gañando máis que noutros traballos".

O problema da falta de terras agrarias para poder traballar

"Para manter unha gandería minimamente extensiva co dimensionamento que actualmente teñen as explotacións gandeiras é preciso un incremento moi importante da base territorial".

"Aí temos un problema enorme, pois as propiedades históricas de Galiza son de moi pouca superficie; e porque a medida que a xente abandonou a actividade agraria, esta superficie perdeu o seu carácter agrario na maioría dos casos, reconvertendo terras en plantacións forestais. Así, non só se inviabilizou a superficie agraria á que poderían ter acceso os produtores e produtoras que seguen traballando, senón que viron prexudicadas as súas propiedades ao quedar illadas e semi improductivas."

España búrlase da Unión Europea e legaliza nove variedades transxénicas

Con estes xa son 16 os tipos de millo manipulado xeneticamente que se poden comercializar no Estado

O Goberno Español vén de dar outra volta de torca na súa política agraria suicida ao aprobar a legalización de nove variedades de millo transxénico. Con esta decisión, xa son 16 as se-


mentes de millo manipulado xeneticamente que se poden producir e comercializar no Estado Español. Curiosamente, o PP daba este paso uns días antes de que a Unión Europea volve

rexeitar a legalización dunha variedade transxénica de millo. Mentres que na Europa dos Quince mantense unha prudente moratoria, España ráchaa dun xeito unilateral e escandaloso.

Con este novo paso do Partido Popular na súa cruzada a favor dos transxénicos e das industrias multinacionais que os producen, España toma a dianteira en solitario na carreira a favor dos organismos xeneticamente manipulados en Europa, coa legalización de 16 variedades de millo transxénico e 32.000 hectáreas de cultivos desta caste.

Coma sempre, o PP lexislou en contra dos labregos e labregas, e da cidadanía, que se opoñen á ameaza que supón liberar os organismos manipulados xeneticamente na natureza. Quen si se van beneficiar son as grandes empresas produtoras deste tipo de organismos: Advanta, Arlesa, Koipesol, Monsanto, Nickerson, Pioneer, Procase, Fitó e Syngenta.

Pola contra, o Comité de Medio Ambiente da Unión Europea, formado por expertos dos Quince, volveu rexeitar o 18 de febreiro unha nova proposta para autorizar unha variedade de millo transxénico de Monsanto. Así, mantense a moratoria de facto na Unión Europea, e búrlaa alegremente en España o goberno de Aznar.



Un millo Bt, como o legalizado en España, é letal en animais febles

A morte recente de doce vacas dun rabaño de sesenta nunha granxa de Hesse, en Alemaña, volveu botar leña na polémica sobre os transxénicos. As vacas, que morreron de súpeto, foron alimentadas durante catro anos con millo transxénico Bt 176.

O millo Bt 176 é unha variedade manipulada xeneticamente que resiste o ataque dos insectos, é fabricado pola multinacional Syngenta, e está autorizado pola Unión Europea dende 1997.

O gandeiro dono da explotación afectada, Gottfried Glöckner, revelou que as probas realizadas nos seus animais mostran que a substancia insecticida que produce esta planta fica durante máis tempo do previsto no organismo, unha circunstancia que podería resultar mortal en vacas febles.

Aínda que dende o Instituto Robert Koch de Berlín, encargado da avaliación dos riscos ligados aos transxénicos en Alemaña, afirman que non puideron verificar as argumentacións do gandeiro afectado; dende a Greenpeace avogan por adoptar unha postura de cautela diante deste organismo xeneticamente manipulado. Segundo Christoph Then, pertencente á organización ecoloxista, "o gandeiro probou o produto durante catro anos, é dicir, moito máis tempo que ningún científico no seu laboratorio. Emporiso, e a pesares de que non existe ningunha proba irrefutábel, diante da dúbida habería que prohibir o millo Bt 176".

Curiosamente, aínda que Syngenta rexeitou as acusacións, aceptou indemnizar ao gandeiro afectado.

O Estado Español non cumpre os requisitos legais e técnicos para a coexistencia

As voces de alarma e de protesta non se fixeron agardar. Un colectivo formado pola Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) -coa que colabora o Sindicato Labrego Galego-, Amigos da Terra, Ecoloxistas en Acción, Greenpeace, a Confederación de Consumidores e Usuarios, Plataforma Rural e a Sociedade Española de Agricultura Ecolóxica, amosou o seu rexeitamento á actitude do PP, xa que "non se cumpren os requisitos técnicos e legais de coexistencia entre agricultura transxénica e non transxénica, incluída a ecolóxica".

Esta plataforma contra os transxénicos tamén denunciou que "a Administración Española nin sequera está preparada para garantir a trazabilidade -seguimento do agro ata o prato- dos alimentos, co cal non existen garantías de que o etiquetado dos alimentos sexa seguro".

Ao Goberno de Aznar débennlle sobrar os cartos, xa que a súa mala xestión fixo que a Comisión Europea lle demande ao Estado Español 11'2 millóns de euros (1.863 millóns de pesetas) por detectar deficiencias nos controis de calidade de froitas e hortalizas, por existir lagoas na análise de riscos, por non respectar os prazos legais, e por distribuír de xeito irregular as cotas suplementarias.

Dende 1995 Bruxelas reclamoulle a España 1.496'46 millóns de euros por diversas irregularidades na xestión dos fondos agrarios (case 250.000 millóns das antigas pesetas). Nos últimos tempos, España

España perdeu 250.000 millóns en axudas agrarias comunitarias dende 1995 por irregularidades

tivo que devolver 14'74 millóns de euros no 2003, e 36'10 millóns de euros no 2002.

O Comisario de Agricultura, Franz Fischler, xustificou esta acción dicindo que "os cartos dos contribuíntes europeos deben ser ben gastados. Emporiso, a Comisión Europea decidiu recuperar os fon-

dos agrícolas gastados indebidamente polos estados membros".

Menos gasto agrícola para o período 2007-2013

A entrada de dez novos países a Unión Europea vai traer canda si unha considerábel redución das

axudas comunitarias. Alomenos, isto é o que se desprende das intencións da Comisión Europea, que propuxo reducir o peso do gasto agrícola para os orzamentos que cubrirán o período de 2007 a 2013.

Os 25 países que integren a Unión Europea terán que repartirse no apartado de agricultura os mesmos cartos que, ata o de agora, se repartían entre quince.

A proposta da Comisión inclúe os fondos para agricultura no apartado de "Conservación e xestión de recursos naturais" que no 2013 contará con 57.805 millóns de euros, dos cales 42.293 millóns será para as medidas de mercado da PAC.

O SLG apoia á Plataforma Galega en Defensa da Sanidade Pública

A Secretaría da Muller a prol dun programa público de calidade de atención sanitaria para mulleres

A Secretaría da Muller do SLG subscribiu a táboa reivindicativa da Plataforma Galega en Defensa da Sanidade Pública a prol dun programa público de calidade de atención sanitaria para as mulleres galegas. O

documento presentouse o 25 de febreiro, e foi asinado pola Asociación Galega de Planeamento familiar, Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, e Asociación Galega en Defensa da Sanidade Pública.

Os principais puntos reivindicativos son os seguintes:

Primeiro, posta en marcha dun plano en materia de saúde para as mulleres de Galiza que abrangue:

■ Garantía da cobertura para toda a poboación.

■ Control e seguimento do polo Parlamento.

■ Potenciación e homoxeneización das prestacións e equipas dos Centros de Orientación Familiar existentes.

■ Apertura de novos Centros de Orientación Familiar.

■ Desenvolvemento do Programa da Muller en Atención Primaria dotando os servizos dos recursos humanos e materiais necesarios, así como a formación específica dos e das profesionais.

Segundo, cobertura pola Seguridade Social de tódolos métodos anticonceptivos así como da anticoncepción postcoital.

Terceiro, cumprimento da atención integral a tódalas xestantes: educación



Entre outras cousas, a Plataforma Galega en Defensa da Sanidade Pública demanda mellores recursos humanos e materiais na atención primaria para as mulleres

maternal, control e seguimento da xestación, acceso á anestesia epidural e participación das parellas no proceso.

Cuarto, garantir o acceso igualitario das mulleres á prestación da interrupción voluntaria da xestación na rede sanitaria pública e dentro da súa área sanitaria.

Quinto, dotar adecuadamente e coa distribución xeográfica axeitada ás con-

sultas de esterilidade e unidades de reprodución; garantindo a atención tanto ás parellas como ás persoas que a soliciten.

Sexto, posta en marcha de programas preventivos e de promoción da saúde nos centros sanitarios:

■ Cancro de colo uterino.

■ Atención á muller no período da menopausa e climaterio.

Sétimo, posta en marcha

de programas específicos:

■ Atención á poboación adolescente.

■ Atención ás persoas que traballan na prostitución.

■ Atención á poboación inmigrante.

■ Atención ás persoas seropositivas.

E oitavo, aplicación da educación para a saúde en tódolos niveis educativos: escola, formación profesional e universidade.

O SLG participa na programación da Marcha Mundial das Mulleres

A Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego está xestionando a maneira de que tódalas compañeiras que estean interesadas poidan asistir á Marcha Mundial das Mulleres, que se celebrará os días 22 e 23 de maio en Vigo.

Para iso, estase traballando para facilitar a participación nas actividades, os desprazamentos e o aloxamento; así como nos traballos de preparación dos obradoiros que recollen diferentes perspectivas da nosa condición de labregas.

Se tedes interese en participar, poñédevos en contacto cos locais do Sindicato Labrego que vos correspondan ou chamade a Isabel Villalba ao 982 121376.

O Programa da Marcha Mundial das Mulleres será o seguinte:

22 de maio: Foros

(Centro Cultural e Centro Social de Caixa Nova)

■ **10.30:** Sustentación ecolóxica: alternativas feministas

■ **10.30:** Mulleres e espiritualidade, corporeidade e resistencia.

■ **16.00:** Contribucións feministas na orixe e desenvolvemento dunha constitución europea

■ De **10.00 a 22.00** horas, **Feira Feminista** na zona do porto: espacio de violencia, espacio de feminización da pobreza, espacio de inmigración, espacio de ecoloxía, espacio de educación para a igualdade, espacio para as liberdades sexuais, espacio para a muller e o antimilitarismo, espacio para mulleres mozas, espacio de saúde e dereitos reprodutivos.

Tamén haberá unha **carpa labrega xestionada polo SLG**, na que haberá posibilidade comer con produtos das labregas de Galiza, así como material para coñecer o modelo agrícola e alimentario que defendemos.

■ **22.00:** Concerto de música no parque de Castrelos.

23 de maio:

Manifestación

Europea de Mulleres

O Círculo de Empresarios pide a fin da educación e a sanidade gratuítas

O Círculo de Empresarios, presidido por Manuel Azpilicueta, pediulle ao Goberno que rematase coa educación e sanidade gratuítas. Azpilicueta tamén dixo que ao Círculo de Empresarios "caeulle ben" que Mariano Rajoy fose elixido como candidato do Partido Popular á Presidencia porque o seu discurso económico "va en liña" coas súas propostas.

No ano 2000, o Círculo de Empresarios propuxo que as mulleres traballadoras pagasen as súas baixas por maternidade en forma dun

seguro que debían cotizar mentres estivesen en idade de procrear.

Á parte deste tipo de medidas, que levarían canda si a un desmantelamento total do estado de benestar, fixeron suxestións como rebaixar as indemnizacións por despedimento improcedente das traballadoras e traballadores, reducir as contribucións á Seguridade Social que sosteñen o sistema de pensións, e fomentar os "planes de capitalización". A Secretaría da Muller do SLG considera moi preocupantes as pa-



O candidato do PP, Rajoy, nun cartaz crítico da Plataforma Nunca Máis

labras do representante do Círculo de Empresarios. O feito de que haxa empresas

con intencións de facer negocio con bens tan importantes como a saúde e a sanidade, co agravante de que existen gobernos, como o do Partido Popular, segundo Azpilicueta, dispostos a colaborar en eliminar dereitos básicos da poboación, débennos facer reflexionar.

Dende o Sindicato Labrego Galego, non permitiremos un goberno que pense que a saúde e a educación son só

unha mercadoría coa que se pode especular e gañar uns cartos.

Fouce analiza as posibilidades de conversión á produción ecolóxica

En cada número do voceiro do SLG analizaranse as características particulares de cada sector

Hoxe iniciamos unha serie de textos para axudar a ver as posibilidades de conversión das explotacións á produción ecolóxica. Moitas veces, no Sindicato Labrego Galego ven xente a consultar porque escoitou falar do tema, e queren saber se podería ser interesante ou non no seu caso. Con estes artigos, queremos animar ás persoas que teñen posibi-

lidades de facer unha produción ecolóxica rendíbel, e tamén informar a aquelas que non poden asumir esta reconversión polas características da súa explotación.

Tamén utilizaremos estes textos para o debate: se non compartes, se a túa experiencia mostra que as cousas son distintas, os foros do sindicato está abertos á túa opinión.

Dende sempre, o SLG considerou a produción

ecolóxica coma parte da produción labrega, e non só coma o simple respecto a unha lexislación. Nembargantes, é preciso mirar o que din as normas sobre produción ecolóxica, xa que certos produtos non teñen un mercado ecolóxi-

co sen certificación externa (por exemplo, o leite), e polo tanto se teñen que someter a esta lexislación. En todo caso, cómpre ter en conta que a lexislación sobre produción ecolóxica é algo que se move. Xa o dixemos numerosas veces: cer-

tas esixencias sobre as produtoras ecolóxicas serán cada vez máis duras e necesitadas de burocracia.

Tamén é necesario saber que, na actualidade, o organismo que certifica a produción ecolóxica, o Consello Regulador de

Agricultura Ecolóxica de Galiza (CRAEGA), non dispón dun regulamento legalmente aprobado para as normas de produción, e vai variando a normativa sen transparencia e sen informar, facilitando prácticas clientelares.

1 O Leite

Dada a importancia do sector lácteo na Galiza, empezaremos esta serie de textos coa produción de leite, falando da lexislación básica existente neste eido da produción, e das condicións e realidade do sector.

As condicións na realidade

O prezo máis alto que se paga, hoxe en día, polo leite ecolóxico, non significa que vaiamos gañar máis cartos. Tampouco as axudas agroambientais. Por iso, a continuación, imos dar unhas claves para que poidades comprobar se a vosa explotación podería pensar na produción ecolóxica.

■ A **situación de partida** é a que determina se podemos pensar nunha reconversión ou non. As explotacións máis extensivas teñeno moito máis doado que as intensivas, é dicir, que aquelas que pastorean pouco ou nada, que gastan moito penso, con animais que non saen, con moita investimento, etcétera

■ A adaptación de explotacións con **vacas trabadas** resultará complexa, e posibelmente deberá ir acompañada da realización de obras, no inmediato ou en diferido, nun prazo de cinco a oito anos, coma consecuencia da revisión das normas sobre aloxamentos. En non poucos casos, esas explotacións non poderán cumprir coas normas da produción ecolóxica.

■ Se acabamos de facer **investimentos recentes**, o paso ao ecolóxico pode resultar moi perigoso.

■ Débese poder realizar o **pas-**

toreo o máximo de tempo no ano. Precisamos tamén poder ter os animais en pastoreo día e noite. Dito doutro xeito, precisamos: pastorear polo menos seis meses ao ano, e ter parcelas próximas á sala de muxir, que non sexan de dimensións moi variábeis nin moi pequenas. Isto é un dos freos políticos maiores á extensión da produción ecolóxica rendíbel en Galiza.

■ Manter unha **carga gandeira baixa**. Se ben a lexislación autoriza ata 2 UGM / Ha, está claro que na meirande parte de Galiza este límite é moi alto, e que debemos traballar con cargas máis preto a 1,5 UGM / Ha como máximo.

■ Para unha produción de leite ecolóxica rendíbel, no meirande dos casos, non deberemos producir máis de 10.000 litros por hectárea forraxeira, como máximo, sendo probabelmente máis axeitada, a maioría das veces, unha **producción ao redor de 8.000 litros / Ha** e mesmo menos. Obviamente, débese entender esta cifra coma unha indicación variábel en función da zona. É dicir, simplemente hai que multiplicar as nosas hectáreas de pastos e millo por 8.000, e teremos unha idea da produción de leite ecolóxico á que podemos aspirar.

■ Como consecuencia do anterior, hai que traballar con animais que produzan **de 5.000 a 6.500 litros de media**. Outra forma de medir o mesmo ven polo indicador de penso por litro de leite, que debemos fixar ao redor de 100-200 gramos (consumo mensual de penso en quilos, dividido por leite vendido no mes).

■ O establecemento dunha produción ecolóxica rendíbel ten, polo tanto, moito que ver coas **motivacións** do produtor ou da productora. Non se debe esquecer a necesidade imperiosa de centrar toda a evolución da explotación no senso de maior pastoreo e maior redución de custos. A simple "substitución de insumos", que só significa trocar pensos convencionais por ecolóxicos, sementes convencionais por ecolóxicas, menciñas convencionais por ecolóxicas, etcétera, non asegura de ningunha

maneira unha produción rendíbel nin duradeira, senón se dirixe cara á redución de custos e uso axeitado do pastoreo. De aí que a "reconversión" da explotación ecolóxica sexa unha reconversión tanto das parcelas e animais, coma das persoas que manexan a explotación.



Se queres máis información, non dubides en chamar ao SLG. Pregunta por Xan Pouliquen no teléfono 982 231154.

Liñas básicas de lexislación

No caso do leite, hai que ter en conta o seguinte:

- A transición das terras sigue as normas da produción vexetal. Polo tanto, hai que contar *a priori* con dous anos. As vacas teñen unha transición de, agora, seis meses para a produción de leite.
- A carga gandeira, en Unidade de Gando Maior (UGM), límtase a dúas por hectárea. Se contamos a recría, serían ao redor de 1,5 vacas adultas por hectárea. Hai limitacións na lexislación sobre o nitróxeno por esterco e hectárea, pero con esas cargas non debemos pasarnos.
- No caso dunha produción de xurro importante, a foxa debe ter dimensión como para permitir o almacenamento durante unha temporada determinada, e debe estar en boas condicións e ser impermeábel.
- Hai que pastorear, e os animais non poden estar moito tempo atados.
- As vacinas e desparasitacións poden, en reoría, seguir as pautas da gandería convencional.
- Só se poden facer dous tratamentos non naturais ao ano, con tempo de espera duplo e autorización do CRAEGA.
- Prohibidos os abonos químicos, pesticidas e herbicidas.

Pura Seoane Alvela, membro da Comisión Executiva e da Directiva do Sindicato Labrego Galego

“A produción labrega é a saída á actual inseguridade que hai na alimentación”

Pura Seoane vive no lugar de Feal, na parroquia de San Mamede, en Vedra, totalmente centrada na súa familia e na explotación de horta ecolóxica que rexenta. Ademais, tamén cría animais

e parte do seu traballo dedícaa á froita, á vide, e a vender na praza de abastos de Pontevedra o que produce. Así e todo, aínda quita tempo para participar na Comisión Executiva e da

Directiva do SLG, unha organización na que desempeñou responsabilidades como a coordinación da Secretaría da Muller, ou a da comarca de Deza, Tabeirós e Terra de Montes.

■ ¿Cales foron os temas que se trataron na Executiva con respecto á agricultura ecolóxica?

O da Agricultura Ecolóxica foi un paso que o Sindicato Labrego deu adiante cando empezou a haber xente implicada e preocupada por mellorar a situación.

Polo de agora, e despois de moito traballo e esforzo, fíxose algo moi importante, que foi organizar o sector. Primeiro a través de asociacións para a defensa dos vexetais; despois, máis amplamente e por todo o País, realizando charlas e xuntanzas, formamos un grupo de xente que comezamos a reunirmos e a poñer as nosas inquedanzas en común, creando unha táboa reivindicativa necesaria para mellorar.

Toda esa primeira etapa de traballo culminou co congreso de Monforte, en decembro do ano pasado.

■ O SLG defende un modelo de agricultura labrego. ¿É semellante ao da agricultura ecolóxica?

Cando á xente á que lle vendo lle digo que produzo en ecolóxico, sóalle a chino. En cambio, cando



Pura Seoane rexenta unha explotación na que teñen traballado varias xeracións dos seus antergos

lles digo que produzo coma se fixo sempre, igual que facían meus pais e meus avós, de xeito tradicional, iso si que o entenden.

A xente coñece os sabores dos alimentos de antes. Tamén se sorprenden de que siga producindo así, con tantas pestes e bichería. Entón teño que explicarlles que hai xeitos naturais de combate-

las e que, en todo caso, non podemos entrar na filosofía de que unha tomateira, por exemplo, teña que dar trinta quilos de tomates. Dará o que poda, pero sen empregar herbicidas, nitratos químicos ou pesticidas.

Daquela, para min non hai diferencias entre a agricultura ecolóxica, tan de moda agora; e a agricultura labrega

que defende o SLG. Creo que esta é a agricultura que necesitamos ter, e necesitamos demostrar que pode existir.

■ O certo é que nos últimos anos os escándalos alimentarios convertéronse en algo habitual ¿Cre que a agricultura ecolóxica é a solución a todo isto?

Creo que si. O sen sentido de producir e producir, de

intensificar, lévanos a unha alimentación insegura. Está claro que para acadar uns determinados quilos de produción cómpre forzar, e non se forza de xeito natural. Daquela, todo o que sexa antinatural, ou forzado de maneira artificial, vainos levar a unha inseguridade na alimentación.

¿Cal é a saída? Eu creo que a saída é a produción labrega, poñendo o cen por cen da nosa terra a traballar de xeito natural.

Xogaríamos aí con dúas vantaxes: por unha banda, toda a terra que temos a ermo estaría ocupada e sería sostíbel, dando un rendemento á xente que queira traballala; por outra banda, conseguiríamos moitos moita produción que en troques de estar en mans duns poucos, estaría en mans de moitos que quixesen producir. Serían, diante de todo, quilos de produción sans.

Si, este é o futuro, e é unha saída á crise que está agora mesmo sufrindo o agro, unha saída para a seguridade alimentaria que desexamos como consumidores e consumidoras.

“Cos intermediarios os prezos dos alimentos fanse privativos”

■ Vostede rexenta un posto na praza de abastos de Pontevedra. ¿Pensa que é rendíbel prescindir dos intermediarios e facer venda directa?

Si que é rendíbel. Nós tivemos a experiencia de estar en mans de intermediarios, e agora temos a experiencia da venda directa. Antes, cando vías que, ás veces, máis do 80% do prezo do teu produto marchaba para o intermediario, botabas as mans á cabeza. Despois de calcular os custes de produción e traballo, engadíannlle o 80%. Entón, ¿a que

prezo chegaba ao consumidor?. Así vendíanse produtos privativos.

Coa venda directa estaslle abaratando ao consumidor o produto e facéndoo, polo tanto, máis accesíbel. Ademais, consigues un contacto directo coa persoa que vai comer o teu produto. Mercar non consiste só en falar de prezos; tamén hai que saber das características do que se merca. E a persoa máis indicada para falar diso é, precisamente, a persoa que produce os alimentos.

“No Craega non hai imaxinación nin unhas ideas fortes”

■ ¿Como valora o traballo que está a desenvolver o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza?

O Craega debería ser un selo de garantía, de produción, de información, un servizo moi amplo no que poder ampararnos á hora de resolver moitas dúbidas. Debería ser tamén un recurso máis para poder chegar á Administración e facer fincapé nas nosas reivindicacións.

Agora mesmo, o Craega é a casa de non se sabe moi ben de quen, e non cumpre as funcións que debera. Ten moitas deficiencias; mesmo á hora de manter un control, non hai as anális-

ses que debería haber. A hora de facer publicidade ou labores de promoción, está sempre a expensas das subvencións. Non hai imaxinación, non hai unhas ideas fortes, a dirección non escoita aos vocais, e menos á vocal do SLG. É malo cando se pecha un ás ideas que se poden aportar dende o conxunto do sector, pois entón estamos traballando para os intereses duns poucos.

Eu creo que o Craega está aí, con moito que mellorar e por facer, e con moitas deficiencias; nós, por parte do SLG, teremos que facer ese traballo en substitución del.

Segue aberta a campaña de regularización dos viñedos

Despois de moitos anos, a Consellería de Política Agroalimentaria respondeu ás nosas demandas para que por fin poidamos anotar aquelas viñas que están sen rexistrar por motivo da emigración, problemas de partixas, prezos baixos da uva, ou porque non se puideron traballar sen máis. Para que recoñezan o teu dereito a producir debes anotar os teus viñedos no Rexistro Vitícola Comunitario.

Se tes algún viñado irregular que plantaches antes de setembro de 1998, ou non che aparece algunha viña no Rexistro que producía antes de 1986, a Consellería de Política Agroalimentaria deu de prazo ata o 30 de abril para regularizar as primeiras, e un tempo ilimitado para poder anotar no Rexistro as segundas.

No Sindicato Labrego Galego temos técnicos e técnicas especializados que poderán asesorarte para anotar e regu-

larizar os teus viñedos. Este proceso é importante, pois é necesario que as viñas estean anotadas para poder percibir axudas, vender uva, ou transmitir dereitos.

Axudas á reestruturación do viñado

Ata o ano 2006 están abertas as axudas para reestruturar viñedos. Dende o Sindicato Labrego Galego podemos tramitar a túa solicitude a través do colectivo Labregos Galegos, para toda Galiza.

As axudas poden cubrir dende a colocación de postes novos, ata plantacións completas con muros incluídos.

Os importes destas axudas van dende os 6.000 euros ata os 25.000 euros por hectárea, dependendo do tipo de plantación. O prazo de presentación das axudas para este ano 2004 remata o 30 de xuño.

Consiga un seguro máis barato para o seu coche no Sindicato Labrego Galego

Agora pode conseguir un seguro máis barato para o seu coche a través do Sindicato Labrego Galego. Se vostede é afiliado ou afiliada ao SLG, ten máis de 28 anos, e máis de dous anos de antigüidade no carné, non dubide en acudir á súa oficina do SLG coa poliza que teña en vixencia na actualidade; procuraremos facerlle un mellor prezo.

Ademais, o SLG segue ampliando a súa oferta á hora de tramitar seguros agrarios de xeito que, ademais de poder cubrir a retirada dos MER, se poida tamén dar cobertura á aparición de ca-

sos positivos de encefalopatía esponxiforme bovina (EEB), ademais de asegurar ás vacas reproductoras e de recría.

Deste xeito, o SLG esforzouse para acadar as mellores condicións e vantaxes posibles para poder mellorar na prestación dos servizos ofertados aos seus afiliados e afiliadas, en particular; e aos labregos e labregas da Galiza, en xeral.

Así, a partir de xaneiro, todos/as aqueles/as que se queiran beneficiar desta nova oferta, tanto se teñen un seguro subscrito con outras entidades como se é a

primeira vez que o van facer, poden pasar por calquera das oficinas que ten o SLG no país para consultar as condicións e vantaxes de tramitar o seu seguro a través da organización.

Estas vantaxes serán dobre, xa que se van beneficiar, por unha banda, as explotacións; e pola outra, o propio sindicato, xa que disporá de máis medios e coñecementos para facer as propostas pertinentes ante os organismos que controlan todos os asuntos relacionados cos seguros agrarios e coas subvencións que estes reciben.

Axudas para mellorar as condicións de eliminación dos Materiais Específicos de Risco

Orde do 10 de febreiro de 2004 pola que se establece o procedemento para solicita-las axudas destinadas ás explotacións gandeiras e industrias cárnicas para a mellora das condicións de eliminación dos subproductos, residuos e materiais específicos de risco.

Os investimentos subvencionábeis serán destinados a:

1. Explotacións gandeiras: instalación de depósitos e sistemas de almacenamento de animais mortos ata a súa retirada da explotación, así como sistemas de destrución e tratamento que se autoricen de acordo co establecido no Regulamento (CE) 1774/2002 e que contribúan a diminuí-lo risco de enfermidades.

2. Produtores de vacún: reposición de reprodutores sacrificados pola encefalopatía esponxiforme bovina (EEB).

3. Sector agroindustrial: axudas dirixidas a industrias cárnicas e a industrias de transformación de subproductos de orixe animal, para a súa adaptación no previsto no Regulamento (CE) 999/2001 e no Regulamento (CE) 1774/2002.

Subvencionarase a adquisición e instalación de maquinaria e equipamento de extracción e manipulación dos MER, a adquisición e instalación de equipamentos para almacenamento de subproductos e MER ata a súa retirada ou destrución, os investimentos para a adaptación das industrias de transformación ou destrución de subproductos e MER á normativa vixente en materia de sanidade e protección do medio ambiente, e os investimentos para adquisición de equipos que permitan utilizacións alternativas dos subproductos de orixe animal.

Poderán ser beneficiarios desta axuda os titulares de explotacións que tiveran que sacrificar animais como consecuencia da aparición de focos de EEB, os titulares de explotacións ou agrupacións de explotacións nas que se realicen investimentos en depósitos ou sistemas de almacenamento de animais, as industrias cárnicas e as industrias de transformación de subproductos de orixe animal.

As axudas consisten na bonificación dos puntos de xuro dos préstamos que se subscriban, de xeito que o xuro resultante para o prestatario sexa de 1 punto porcentual. Os préstamos financiarán investimentos realizados entre o 26 de novembro de 2003 e o 30 de setembro de 2004.

Tamén será obxecto de bonificación a totalidade do importe de comisión de xestión do aval no caso de explotacións gandeiras e produtores de vacún.

Os solicitantes que teñan a súa explotación ou industria situada na Comunidade Autónoma de Galiza poden presentar a súa solicitude desde a data de entrada en vigor desta orde e antes do 31 de marzo de 2004.

¡Afílitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... NIF:

Enderezo:.....

Tlf:..... Concello:..... C.P:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....

Titular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura)

Data

Programa de axudas á gandería para paliar os ataques do lobo

A Consellería de Medio Ambiente estableceu unha liña de axudas para gandeiros e gandeiras que sufriron ataques do lobo. Estas axudas cobren ataques producidos despois do 1 de maio contra gando saneado vacún, ovino e caprino en explotacións semiextensivas de Galiza.

En caso de ser afectado ou afectada, cómpre saber que a consellería establece un prazo de 24 horas para dar aviso dende que se produce o ataque dos lobos. Se non se chama á Consellería de Medio Ambiente antes desas 24 horas, pérdese o

dereito a percibir a axuda.

O teléfono ao que se debe chamar é o 900 186 186; na chamada, pediranse datos sobre o ataque e darase un número clave para reclamar a axuda. Despois da chamada, recibirase a visita dun garda forestal para recoller información; ademais, o gandeiro ou gandeira deberá presentar unha solicitude diante da delegación provincial de Medio Ambiente.

A consellería esixe que non se mova aos animais atacados do sitio e que non se permita a entrada doutros animais no lugar.

Solicitude única de axudas a superficies, animais, indemnización compensatoria e outras primas gandeiras para o ano 2004

Orde do 23 de decembro de 2003 pola que se regula a solicitude única, no ano 2004, de axudas a superficies, animais e indemnización compensatoria, así como a solicitude doutras primas gandeiras.

O prazo para a presentación das solicitudes de axuda por cultivos herbáceos, leguminosas gran, da declaración de superficies forraxeiras, primas por vacas nutrices, pagamentos por extensificación, primas de ovino cabrún e indemnización compensatoria, empezou o 15 de febreiro de 2004 e rematará o día 12 de marzo de 2004.

Ademais do anterior:

■ As solicitudes de prima especial de vacún poderanse presentar desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2004.

■ As solicitudes de primas ao sacrificio de vacún, poderanse presentar dentro dos catro meses seguintes á data do sacrificio de cada animal e, en todo caso, nos seguintes períodos:

-Do 1 ao 31 de marzo de 2004.

-Do 1 ao 30 de xuño de 2004.

-Do 1 ao 30 de setembro de 2004.

-Do 1 de decembro de 2004 ao 15 de xaneiro de 2005.

Indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais por enfermidade e compensacións polo lucro cesante

Dúas ordes da Consellería de Política Agroalimentaria veñen de regular as indemnizacións por sacrificios obrigatorios de animais e as compensacións económicas polo lucro cesante, motivado pola inactividade producida ao decretar a obrigatoriedade do baleiro sanitario pola presenza de enfermidades sometidas a un programa oficial de erradicación da brucelose, da tuberculose ou das encefalopatías esponxiformes bovinas.

A contía destas axudas variará, nun caso dependendo do número de animais sacrificados e do seu valor segundo o baremo oficial e, no caso da paralización e baleiro sanitario, será en función dos datos productivos declarados oficialmente.

O prazo para solicitar este tipo de axudas rematará o 20 de novembro de 2004. As persoas interesadas en recibir máis información, poden realizar a súa consulta en calquera oficina do SLG.

Plan Emega: axudas para mulleres emprendedoras

Axudas e subvencións para a creación de empresas e a integración laboral da muller como estímulo a mulleres emprendedoras de Galicia (programa Emega).

Este programa beneficiará a mulleres desempregadas cunha antigüidade mínima de tres meses, que creen o seu propio posto de traballo ou outros, cono axudas de ata 18.000 euros.

Estas axudas están destinadas a sufragar gastos derivados da posta en marcha e funcionamento das empresas que teñan o inicio da súa actividade entre o 1 de marzo de 2003 e o 28 de febreiro de 2004.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 26 de marzo. Poden solicitar máis información en calquera oficina do SLG.

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese

comedeiro para xatos de instalar no campo.

Preguntar por Olga no teléfono 982 179685.

Véndese

viño Mencía e Godello da zona de Monterrei (Verín).

Preguntar por Máximo nos teléfonos 651 488915 e 626 677850.

Véndese

segadora BERTOLINI, seminova. Preguntar por Lourenzo no teléfono 982 179383.

Véndese

tractor de 50 CV, marca MF, con dobre tracción e apeiros. En moi bo estado.

Tlfo. 981 788 423

Véndese

autocargador de dobre eixo con freo hidráulico, espaxedor, e trinta coitelas (matriculado, documentación, e ITV pasada).

Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 981 787802

Véndese

bañeira de 900 litros e circuíto de tres puntos. En Guitiriz (Lugo).

Chamar ao 982 163954.

Véndese

lote de ladrillos cara á vista. Entre 3.000 e 4.000 unidades; a bo prezo.

Preguntar por Xesús no teléfono 988 413 803

Véndese

autocargador marca COMPARMANLEU, con descarga hidráulica, en bo estado.

Chamar ao mediodía ou pola noite ao tlfo. 981 684 014.

Véndese

cisterna galvanizada 3.000 con depresor de 5.000.

Fresadora AGRI seminova de 1'70

Segadora BERTOLINI 1.250, seminova

Preguntar por Xosé Luis no teléfono 626 315 059

Véndese

tuias en maceta (50-60 centímetros) de raíz espida.

Leilandy de 2 metros.

Buxos de 50-60 centímetros.

Preguntar por María Xosé no 981 793 890

Véndese

tanque de leite de 400 litros, marca INGEFRISA.

Teléfono 982 179 495

Véndese

tanque de frío de 600 litros.

Chamar ao 986 689 726.

Véndese

Rebadera de cable (limpeza).

Desensiladora VICON.

Segadora BERTOLINI 124

Unific, carro mesturador SECO de 11m³

2 tolvas penso 9.000 quilos

Remolque artesán 3 x 2'70 m

Remolque con descarga por cadeas de arrastre de 13 m³

Cisterna de 8.000 lts. CARRUXO

Xovencas selectas.

Chamar ao tlf. 650 426790

COMPRAS

Mércase

invernadoiro pequeno entre 40 e 50 metros cadrados.

Preguntar por Sara Vázquez no teléfono 981 663 945

Mércase

trabadeiras para vacas e xatas e sementadora de millo.

Chamar ao tlfo. 982 164 045

Mércase

rotoenvoladora.

Preguntar por Antonio no teléfono 981 669 230

OUTROS

Búscase

traballador/a para explotación de ovino en Baños de Molgás (Ourense).

Máis información nos teléfonos 988 430 146 e 686 304 617





adiante.

Conte coas súas axudas da Unión Europea desde hoxe mesmo.

Agroservizos

Agora, se o desexa, podémoslle anticipar nas mellores condicións as axudas da Unión Europea para gandeiros e agricultores.

No BBVA xestionámoslle de forma segura e personalizada todos os trámites de solicitude das axudas. E beneficiarase dunha bonificación do 10% ao contratar calquera liña de Seguro BBVA Agrario.

Ademais, ao domiciliar as axudas, regalámoslle unha chaqueta impermeable.

Veña vernos a calquera oficina BBVA e empece a gozar xa de todas estas vantaxes.

BBVA, adiante.



BBVA